

ACTA N° 08/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 16 de febreiro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 06/09, do 09/02/09 e da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local número 07/09, do 13/02/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 234/08 – D.^a ELISA RODRÍGUEZ SANTOS presenta proxecto de substitución de cuberta e conservación de vivenda unifamiliar e local anexo, sito na Ameixoadá nº 91, San Martiño, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado na data 11.09.08

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 11 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E LOCAL ANEXO (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras definidas en proxecto e nos condicionados da licenza.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 27 de xaneiro de 2009 para Ordenanzas 7.

Cédese 0,00M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este. A posición do portal, de acordo coa autorización da Deputación Provincial deberá ubicarse a 7,00 metros do eixo da estrada

Constitúese fianza por un importe 245,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

No expediente consta autorización da Consellería de Cultura e Deportes coas seguintes condicións:

Non se colocará un aplacado de pedra sobre o paramento exterior do muro do aseo posterior situado no primeiro andar, xa que resultaría un elemento artificioso. Esa parte do muro deberá recebase e pintarse nuha cor que harmonice co resto da casa.

O material de cobertura será tella cerámica curva.

En canto as baixantes serán de materiais tradicionais(cinc, cobre, pedra) prohibíndose expersamente o PVC.

De facerse novos remates de chemineas, serán de pedra de granito ou de fundición, ao xeito tradicional

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licencia de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza outorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto e condicionados se centran na mellora para unha edificación en situación xenérica de fora de ordenación e da conservación do uso preexistente según os criterios do epígrafe 2.3.5.3 (apartados 2 e 3) das NN. SS. de Planeamento Municipal e determinacións dispostas na Lei 9/2002 reformada pola 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), disposición transitoria primeira 1, e) determinante da aplicación das determinacións para núcleo rural da LOUGA.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	998,09 €
Taxas licenza urbanística.....	89,12 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.- DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRAS

EXPTE. 264/07 – D.^a MARGARITA CAO RODRÍGUEZ presenta proxecto básico para a reconstrución de muro de cantería para contención de terras dunhas escaleiras de acceso a vivenda de 9,52 m x 2,00 m, situado en Lazareto nº 132 Tirán, do termo municipal de Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado 18.12.07.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 11 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: RECONSTRUCCIÓN DE MURO

INFORME: Non procede licenza.

Require informes sectoriais por situarse na zona de protección do dominio público marítimo-terrestre.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes resolve denegando a autorización da Comunidade Autónoma para a reconstrución dun muro de cantería para a contención de terras dunas escaleiras de acceso á súa vivenda consonte os fundamentos expostos que constan no expediente.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	60,77 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparelador municipal.

4.- LICENZAS DE ACTIVIDADE

4.A) EXPEDIENTES Nº 04/09 – TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A., representada por D. José Homobono Ocaña, solicita licenza de actividade de Estación base de Telefonía Móbil, en Coto do Home – parroquia de Domaio, para o que presenta proxecto de actividade visado polo Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais o 12 de xaneiro de 2009,

Dáse conta do informe emitido polo aparelador municipal do 10 de febreiro de 2009 que literalmente di:

EXPEDIENTES DE APERTURA :04/09 E 05/09

PETICIONARIO:TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.

ASUNTO: ESTACIONES BASE DE TELEFONÍA MÓVIL.

SITUACIÓN: PALMÁS-DOMAIO

COTO DO HOME-DOMAIO.

INFORME:

Procede o arquivo provisional dos expedientes 04/09 e 05/09 relativos a petición de licenza municipal de actividade para sendas estacións base de telefonía móbil sitas respectivamente en Palmás e Coto do Home da Parroquia de Domaio en tanto non se resolva o plan de implantación previo según a ordenanza correspondente.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza apertura..... 600 €

A Xunta de goberno local, á vista do informe do aparelador municipal, por unanimidade das persoas asistentes acorda o arquivo provisional do expediente 04/09 en tanto non se resolva o plan de implantación previo, segundo a ordenanza correspondente.

4.B) EXPEDIENTES N° 05/09 – TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A., representada por D. José Homobono Ocaña, solicita licenza de actividade de Estación base de Telefonía Móbil, no lugar de Palmás-Domaio, Carretera C – 550, p.k. 12, para o que presenta proxecto de actividade visado polo Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais de 2 de decembro de 2008,

Dáse conta do informe emitido polo aparelador municipal do 10 de febreiro de 2009 que literalmente di:

EXPEDIENTES DE APERTURA :04/09 E 05/09

PETICIONARIO:TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.

ASUNTO: ESTACIONES BASE DE TELEFONÍA MÓVIL.

SITUACIÓN: PALMÁS-DOMAIO
COTO DO HOME-DOMAIO.

INFORME:

Procede o arquivo provisional dos expedientes 04/09 e 05/09 relativos a petición de licenza municipal de actividade para sendas estacións base de telefonía móbil sitas respectivamente en Palmás e Coto do Home da Parroquia de Domaio en tanto non se resolva o plan de implantación previo según a ordenanza correspondente.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza apertura..... 600 €

A Xunta de goberno local, á vista do informe do aparelador municipal, por unanimidade das persoas asistentes acorda o arquivo provisional do expediente 05/09 en tanto non se resolva o plan de implantación previo, segundo a ordenanza correspondente.

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

5.A) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D. JOSÉ CARLOS RIOBÓ FERNÁNDEZ

Vista a solicitude de D. JOSÉ CARLOS RIOBÓ FERNÁNDEZ na que presenta proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado o 23 de xaneiro de 2009, correspondente ao expediente nº 94/2008,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 10 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 94/08 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 94/2008.**

5.B) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da solicitude de obras de construción de ponte e vial en zona de dominio público e de policía do Rego Miñouva (Muíños), no lugar de Verdeal, parroquia de Domaio, solicitado por Xunta de Compensación U.E. Residencial Golf Domaio SAU A-7, CLAVE: DH.W36.14972, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución–,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME

Ante a solicitude de informe polo ente Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible relativa a petición de **XUNTA DE COMPEACIÓN U.E. RESIDENCIAL GOLF DOMAIO SAU A-7** relativa a solicitude de autorización para a construción de ponte e vial en zona de dominio público e de policía do Rego de Miñouva (Muíños), no lugar de Verdeal, parroquia de Domaio **CLAVE DH.W36.14972**, e atendendo os Artigos 82 e 83 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común, este Concello manifesta que a proposta

presentada está recollida no Proxecto de conexión aos sistemas xerais da urbanización do SAU A-7 actualmente en tramitación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible - Augas de Galicia, Demarcación Galicia Sur.**

5.C) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da solicitude de obras de construción de área peonil en zona de policía do río da Freixa, no lugar de San Lourenzo, parroquia de Domaio, solicitado por Xunta de Compensación U.E. Residencial Golf Domaio SAU A-7, CLAVE: DH.W36.15404, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución-,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME

Ante a solicitude de informe polo ente Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible relativa a petición de **XUNTA DE COMPEACIÓN U.E. RESIDENCIAL GOLF DOMAIO SAU A-7** relativa a solicitude de autorización para a construción de área peonil na zona de policía do Río da Freixa, no Lugar de San Lourenzo, parroquia de Domaio, **CLAVE DH.W36.15404**, e atendendo os Artigos 82 e 83 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común, este concello manifesta que a proposta presentada está recollida no Proxecto da urbanización do SAU A-7 actualmente en tramitación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible - Augas de Galicia, Demarcación Galicia Sur.**

5.D) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación do expediente CLAVE: DH.A36.15008, solicitado pola CC.UU. Auga de Marrúa-Inxertiños, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución-,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME

Ante a solicitude de informe polo ente Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible relativa a petición de **CC.UU. AUGA DE MARRUA-INXERTIÑOS, CLAVE DH.A36. 15008** e atendendo os Artigos 82 e 83 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, este Concello non opón inconvincente algún a proposta presentada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible - Augas de Galicia, Demarcación Galicia Sur.**

5.E) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE – AUGAS DE GALICIA**, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da solicitude de autorización para a reconstrución dun azude en pedra en zona de dominio público hidráulico do río da Fraga no lugar de Leitón, Meira, solicitado por D. Balbino Gayo del Río, **CLAVE: DH.W36.14072**, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución–,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE INFORME

Ante a solicitude de informe polo ente Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible relativa a petición de **BALBINO GAYO DEL RIO** relativa a solicitude de autorización para a reconstrución dun azude en pedra en zona de dominio público hidráulico do Río da Fraga, lugar de Leitón, parroquia de Meira. **CLAVE DH.W36.14072**, e atendendo os Artigos 82 e 83 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, este concello non opón inconvincente algún a proposta presentada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible - Augas de Galicia, Demarcación Galicia Sur.**

6.- GASTOS DERIVADOS DE CONTRATOS DE ARRENDAMENTO

6.A) LOCAL DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA.

Vista a proposta da Alcaldía de data 16 de febreiro de 2009 que di:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a Clube de xubilados de Meira.

Conforme coa cláusula décima segunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo,

O arrendador do local presenta os seguintes recibos:

Unión Fenosa Distribución, S.A. 2409011182852 238,29 euros.

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de HERMANOS PIDRE COBAS, C.B., por importe de 238,29 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica, con cargo á partida orzamentaria 3130 22100, correspondente ao período 241208 a 220109.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **recoñecer a obriga por importe de 238,29 euros en concepto de enerxía eléctrica do Clube de xubilados de Meira, con cargo á partida orzamentaria 3130 22100.**

6.B) LOCAL DESTINADO A CENTRO CULTURAL O REAL

Vista a proposta da Alcaldía de data 16 de febreiro de 2009, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado centro cultural O Real.

Conforme coa cláusula cuarta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo.

O arrendador do local, presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

Unión Fenosa Distribución S.A. 2409011192800 10,89 euros.

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de **MANUEL SANTOME GESTIDO**, por importe de 10,89 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida orzamentaria 4510 22100, correspondente ao período 291208 a 230109.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 10,89 euros a **SANTOME GESTIDO MANUEL**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 4510 22100.

7.- PROPOSTAS DE GASTO

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
LUDOTECA	MATERIAIS	MERCERÍA FÍOS – Mª	3130 22611 RC 364	108,98 €

	DIVERSOS	Dolores Álvarez Costas		
LUDOTECA	REPARACIÓN RÓTULO EXTERIOR	BOCA A BOCA, DISEÑO Y COMUNICACIÓN, S.L.	3130 21200 RC 365	104,40 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

7.B) OUTRAS PROPOSTAS DE GASTO

Vista a proposta do concelleiro de Cultura e Ensino do 10 de febreiro de 2009, que di:

A Concellería de Cultura e Ensino solicita se faga a reserva de crédito suficiente para sufragar os gastos da programación de actividades para a Biblioteca Municipal que se levarán a cabo neste ano e que se inclúe dentro da programación anual de actividades do Dpto. de Cultura e Ensino.

A proposta de actividades é a que segue:

PROGRAMA: SEMANA DE TEATRO INFANTIL:

- COMPAÑIA: EL TITIRETO DE BANFIELD (ARXENTINA) – 1160 €
- COMPAÑIA: PAPELITO (ESLOVENIA-ITALIA) – 928 €
- ILUMINACIÓN E SON – 1000 €

TOTAL: 3088 €

PROGRAMA LETRAS VIVAS CREACIÓN:

- REGUEIFEIROS DE GALICIA – 87,5 €
- MARINA MAYORAL – 928 €
- CARLOS L. BERNÁRDEZ – 50 €

TOTAL: 1065,5 €

PROGRAMA LETRAS VIVAS ANIMACIÓN:

- A.C. PAPAVENTOS - 140 €
- MIGALLAS TEATRO – 160 €
- CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN – 120 €
- TÍTERES CACHIRULO – 116 €
- MARISA IRIMIA – 100 €
- COMPAÑIA TRINKE-TRINKE – 140 €

TOTAL: 776 €

O custo total desta programación ascende a 4929, 5 €.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009, acreditado pola retención de crédito que para este gasto se efectuou na partida 4511 22608,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de actividades para a biblioteca municipal, e autorizar o gasto por importe de 4.929,50 euros con cargo á partida 4511-22608 RC 366 polas actividades da semana de teatro infantil, letras vivas creación e letras vivas animación.

8.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL

8.A) GAS NATURAL SERVICIOS, SDG, S.A. con CIF A-08431090, solicita a liquidación da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública correspondente ao ano 2008, subministrando os datos pertinentes.

Visto o informe da Tesourería municipal do 16 de febreiro de 2009 no que propón a aprobación da seguinte liquidacións:

Periodo	Base imponible	Tarifa	Cuota
Ano 2008	67.180,15	1,5 %	1.007,70

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectida no informe da Tesourería por importe de 1.007,70 euros correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de GAS NATURAL SERVICIOS, SDG, S.A. polo ano 2008, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

8.B) GAS GALICIA, SDG, S.A. con CIF A-15383284, solicita a liquidación da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública correspondente ao ano 2008, subministrando os datos pertinentes.

Visto o informe da Tesourería municipal do 16 de febreiro de 2009 no que propón a aprobación da seguinte liquidacións:

Periodo	Base imponible	Tarifa	Cuota
2008	105.645,13	1,5 %	1.584,68

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectida no informe da Tesourería por importe de 1.584,68 euros correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de GAS GALICIA, SDG, S.A. polo ano 2008, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

9.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TERRAZA

D. JOSÉ ANTONIO VERDE VIEIRA solicita, por escrito do 22 de agosto de 2008, a devolución da fianza pola terraza que instalou no bar da Confraría de pescadores,

Visto o informe da tesoureira municipal do día 16 de febreiro de 2009, no que, unha vez acreditado o depósito da fianza na Tesourería, indica que o día 28 de outubro de 2008 o xefe da Policía Local emite informe onde se indica que o interesado retirou a terraza unha vez transcorrido o prazo sinalado, se ben tiña instalada unha terraza debaixo dos seus soportais, polo que *procede a devolución da fianza por importe de 400 euros*,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da fianza de 400 euros a favor de D. JOSÉ ANTONIO VERDE VIEIRA.

10.- EXECUCIÓN DE SENTENZA 567/08 DO PROCEDIMENTO 723/2008, XULGADO DO SOCIAL Nº 1 DE VIGO

Vista a sentenza 567/08, de data 26/11/08, recaída no procedemento 723/08, seguido no Xulgado do Social nº 1 de Vigo, promovido por D.^a M^a del Carmen Tomé Silva pola denegación de axuda por estudos para os cursos 2006/07 e 2007/08,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: proceder á súa execución e, na súa virtude, recoñecer a obriga de 196,26 euros a D.^a M^a del Carmen Tomé Silva, traballadora do Concello, en concepto de 180,30 euros de cantidade reclamada e 15,96 euros en concepto de 10 % por mora no seu pago.
Segundo: Dar traslado do acordo á interesada e aos servizos municipais.

11.- SOLICITUDE DE D. RAFAEL BUDIÑO PIÑEIRO PARA LIMPEZA NICHOS.

Vista a solicitude de D. Rafael Budiño Piñeiro na que expón que é propietario dun grupo de nichos no cemiterio municipal de Moaña, e que están en mal estado polo que solicita permiso para reparalos e limpalos.

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, autorizar a reparación e a limpeza solicitada baixo a supervisión do enterrador municipal.

12.- ASISTENCIA A CURSO DE FORMACIÓN

Vista a solicitude do encargado da OMIC, D. Julio Fernández Fernández, para asistir o día 18 de febreiro a un curso de formación sobre o subministro enerxético, electricidade e gas natural para persoal de atención ao consumidor, organizado polo Instituto Enerxético de Galicia en Santiago de Compostela.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a asistencia ao curso solicitado por D. Julio Fernández Fernández, autorizándolle os gastos por axudas de custo e por quilometraxe que lle xere.

13.- RENUNCIA DE POSTO NA PRAZA DE ABASTOS

D. Luis Piñeiro Veiga, por escrito con entrada no rexistro municipal o día 2 de febreiro de 2009, expón que ten un posto fíxo pechado na praza de abastos (o 10-C) no que vendía pan artesán e derivados e que, por motivo de xubilación, quere dalo de baixa dende o día 1 de febreiro de 2009. Di que ten todos os recibos ata a data pagados e solicita que se lle dea de baixa o posto dende o día 1 de febreiro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a renuncia de D. Luis Piñeiro Veiga, dándoo de baixa no Padrón dos Vendedores da Praza de Abastos con efectos dende o 1 de febreiro de 2009.

14.- APROBACIÓN PROXECTO DE INSTALACIÓN DE SILO DE FANGOS NA EDAR DE MOAÑA.

Visto o Proxecto presentado por Aqualia para a INSTALACIÓN DE SILO DE FANGOS NA EDAR DE MOAÑA, redactado polo enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar o proxecto de Instalación de silo de fangos na EDAR de Moaña redactado polo enxeñeiro industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo e que conta cun orzamento de execución por contrata de 37.088,70 euros.

Segundo: Remitilo ao Servizo Provincial de Costas para a súa aprobación.

15.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS AS BARXAS-BERDUCEDO (PAM 2007)”

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 6 de febreiro de 2009 da obra: “Construcción de beirarrúas As Barxas-Berducedo” (PAM 2007), redactado polos Servizos Técnicos Municipais, e que conta cun importe de execución por contrata de DOUSCENTOS TRINTA E UN MIL SEISCENTOS CINCOENTA E NOVE EUROS E SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (231.659,64 euros). (199.706,59 euros + 31.953,05 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra e a inclusión de gastos de seguridade nos custos de execución material do proxecto, ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente, e onde se recomenda a rectificación de algún dos apartados dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Introducir nos pregos as rectificacións sinaladas nos informes da Secretaría e da Intervención Municipal, ordeando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados con anterioridade á adxudicación do contrato.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, para a adxudicación da obra “Construcción de beirarrúas As Barxas-Berducedo” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, e que conta cun importe de execución por contrata de DOUSCENTOS TRINTA E UN MIL SEISCENTOS CINCOENTA E NOVE EUROS E SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (231.659,64 euros). (199.706,59 euros + 31.953,05 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- MOVEXVIAL S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS SL.

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 231.659,64 euros con cargo á partida 5110.60109 do orzamento municipal do ano 2009.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

SÉTIMO.- Nomear ao Concelleiro de Urbanismo, D. Valentín Piñeiro González responsable do contrato.

16.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O PORTAL DO ALMACÉN E BROULLÓN (MOAÑA)”

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 6 de febreiro de 2009 da obra: “Instalación de alumeado público entre O Portal do Almacén e Broullón (Moaña)”, redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño e aprobado en Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2009 e cun presuposto de execución por contrata que ascende a CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crean un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender o seu financiamento.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra e a inclusión de gastos de seguridade nos custos de execución material do proxecto, ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente, e onde se recomenda a rectificación de algún dos apartados dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Introducir nos pregos as rectificacións sinaladas nos informes da Secretaría e da Intervención Municipal, ordeando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados con anterioridade á adxudicación do contrato.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, para a adxudicación da obra “Instalación de alumeado público entre O Portal do Almacén e Broullón (Moaña)”, redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño e aprobado en Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2009 e cun presuposto de execución por contrata que ascende a CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES. S.A.
- RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO , MAQUINARIA EN GENERAL.

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 224.325,63 euros con cargo á partida 4320.60114 do orzamento municipal do ano 2009.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

SÉTIMO.- Nomear ao Concelleiro de Urbanismo, D. Valentín Piñeiro González responsable do contrato.

17.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O POMBAL E COUSO (MEIRA-MOAÑA)”

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 6 de febreiro de 2009 da obra: “Instalación de alumeado público entre O Pombal e Couso (Meira-Moaña)” redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño e aprobado en Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2009 e cun presuposto de execución por contrata que ascende a CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crean un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender o seu financiamento.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra, a falta de xustificación de modelos concretos nos pregos técnicos, discrepancia da cualificación do contrato, inclusión das melloras nos aspectos a negociar, ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente, e onde se recomenda a rectificación de algún dos apartados dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Introducir nos pregos as rectificacións sinaladas nos informes da Secretaría e da Intervención Municipal, ordeando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados con anterioridade á adxudicación do contrato.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, para a adxudicación da obra “Instalación de alumeado público entre O Pombal e Couso (Meira-Moaña)” redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño e aprobado en Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2009 e cun presuposto de execución por contrata que ascende a CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- CORUÑESA DE AFORRO ENERGÉTICO S.L.U.

- MONTAJES E INSTALACIONES ELÉCTRICAS FEMA S.L.

- ELECTRICIDAD CS, sc

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 100.000,00 euros con cargo á partida 4320.60116 do orzamento municipal do ano 2009.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

SÉTIMO.- Nomear ao Concelleiro de Urbanismo, D. Valentín Piñeiro González responsable do contrato.

18.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE A CERRADIÑA E A DEVESA (DOMAIO-MOAÑA)”

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 6 de febreiro de 2009 da obra: “Instalación de alumeado público entre a Cerradiña e A Devesa (Domaio-Moaña)” redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño e aprobado en Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2009 e cun presuposto de execución por contrata que ascende a CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crean un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender o seu financiamento.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra, a falta de xustificación de modelos concretos nos pregos técnicos, discrepancia da cualificación do contrato, inclusión das melloras nos aspectos a negociar, ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente, e onde se recomenda a rectificación de algún dos apartados dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Introducir nos pregos as rectificacións sinaladas nos informes da Secretaría e da Intervención Municipal, ordeando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados con anterioridade á adxudicación do contrato.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, para a adxudicación da obra “Instalación de alumeado público entre a Cerradiña e A Devesa (Domaio-Moaña)” redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño e aprobado en Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2009 e cun presuposto de execución por contrata que ascende a CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- CORUÑESA DE AFORRO ENERGÉTICO S.L.U.
- MONTAJES E INSTALACIONES ELÉCTRICAS FEMA S.L.
- ELECTRICIDAD CS, sc

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 100.000,00 euros con cargo á partida 4320.60115 do orzamento municipal do ano 2009.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

SÉTIMO.- Nomear ao Concelleiro de Urbanismo, D. Valentín Piñeiro González responsable do contrato.

19.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “ACONDICIONAMENTO DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE APARCAMENTO NO CONCELLO DE MOAÑA”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña” redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, e que conta cun importe de execución por contrata de OITENTA E SEIS MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (86.868,78 euros). (74.886,88 euros + 11.981,90 euros de IVE).

20.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “CONSTRUCCIÓN DE DOUS CAMPOS DE FÚTBOL-7 DE HERBA ARTIFICIAL NA XUNQUEIRA (MOAÑA)”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Construcción de dous campos de Fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Construcción de dous campos de Fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)” redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, e que conta cun importe de execución por contrata de TRESCIENTOS CORENTA E TRES MIL CENTO CORENTA E OITO EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (343.148,78 euros). (295.817,19 euros + 47.330,87 euros de IVE).

21.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA (MOAÑA)”.

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e redactado polo Arquitecto D. Juan Fernández Rivas, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)” redactado polo Arquitecto D. Juan Fernández Rivas, e que conta cun importe de execución por contrata de CATROCENTOS NOVENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS SETENTA E SETE EUROS E NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (499.977,99 euros). (431.032,75 euros + 68.965,24 euros de IVE).

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.